



(F_IMP_50)

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE
O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA
(IVTNU – PLUSVALÍA)**

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	278	01/01/2005
08/11/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	21/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
03/11/2009	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	23/12/2009
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
06/11/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	28/12/2012
28/10/2013	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	295	26/12/2013
11/10/2016	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	290	20/12/2016

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO	3
ARTIGO -2- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO	3
ARTIGO -4- EXENCIÓNS	3
ARTIGO -5- BONIFICACIÓNS	4
ARTIGO -6- BASE IMPOÑIBLE	5
ARTIGO -7- PERIODO DE XENERACIÓN	7
ARTIGO -8- COTA TRIBUTARIA	7
ARTIGO -9- DEVEÑO	7
ARTIGO -10- NORMAS DE XESTIÓN	8
ARTIGO -11- OBRIGACIÓN DE COLABORACIÓN	8
ARTIGO -12- INSPECCIÓN E RECADACIÓN	8
ARTIGO -13- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS	9
DISPOSICIÓN ADICIONAL	9
DISPOSICIÓN FINAL	9
ANEXO – MODELO DE DECLARACIÓN	10

ARTIGO -1- FUNDAMENTO

De conformidade co disposto no ARTIGO 15 e 59 punto 2 do R. D. Legislativo 2/ 2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Monforte establece o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que se esixirá conforme co disposto en dita Lei e na presente ordenanza fiscal.

ARTIGO -2- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. O imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo municipal directo.
2. Constitúe o feito imponible do imposto, o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais a efectos do IBI, que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión dos referidos terreos, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.
3. Terán a consideración de terreos de natureza urbana os así definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario (Artigo 7.2 RDL 1/2004, de 5 de marzo) e a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no catastro ou Padrón do IBI.

Non están suxeitos ao imposto os bens aos que fai referencia o artigo 104 punto 2 e 3 do R.D. Legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, tampouco estarán suxeitos ao imposto os seguintes:

- a) Transmisións de terreos de natureza urbana derivadas de operacións as que resulte aplicable o réxime especial de fusións, escisións, aportacións de ramas de actividade ou aportacións non dinerarias especiais coa excepción dos terreos que se aporten ao amparo do que prevé o artigo 94 do texto refundido da Lei do Imposto de sociedades aprobada por R.D. legislativo 4 / 2004 de 5 marzo cando non estean integradas nunha rama de actividade.
- b) Transmisións de terreos de natureza urbana que se realicen como consecuencia das operacións relativas aos procesos de adscricción a unha sociedade anónima deportiva de nova creación sempre que se axuste as normas da lexislación actual sobre sociedades anónimas deportivas.

Na posterior transmisión dos terreos entenderase que o número de anos a través dos que se puxo de manifesto o incremento de valor non se interrompeu por causa da transmisión das operacións citadas nos puntos anteriores

ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana os definidos no artigo 106 do R. D. Legislativo 2/ 2004 de 5 de polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO -4- EXENCIÓNS

1. Están exentos deste imposto, de acordo co establecido no artigo 105 do R.D. legislativo 4 /2004 de 5 de marzo, os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguinte actos:
 - a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
 - b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico Artístico, ou foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/85, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que fixeron o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeles.

Para gozar da exención recollida na letra b) deste artigo deberá acreditarse:

- A declaración individual de interese cultural mediante invocación da norma de rango suficiente en que conteña ou a súa situación dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico - Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior.
- Que a execución de proxectos de conservación mellora ou rehabilitación está debidamente autorizada e son necesarias ou útiles para a conservación do patrimonio, para o cal se presentarán:
 - a) As licencias e os permisos preceptivos.
 - b) Os certificado de fin de obra correspondente.

Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do patrimonio.

En todo caso o as obras de mellora de rehabilitación deberán cumprir as seguintes condicións:

- Os propietarios deberán acreditar que no prazo dos 5 anos anteriores á transmisión efectuaron ao seu cargo nos devanditos inmoables obras de remodelación, conservación ou mellora, por un importe non inferior ao valor catastral total do inmovible transmitido na data do debeño.
- Non se incluírán no cómputo do importe as obras de ornato e limpeza
- Os propietarios non poden ser empresas cuxo obxecto social estea relacionado coa construción, rehabilitación ou adquisición de inmoables para a súa promoción e venda.

2. Asimesmo, estarán exentos deste imposto, tal e como establece o artigo 105 punto 2 do R.D. lexislativo 4 / 2004 de 5 de marzo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia nas seguintes persoas ou entidades:

- O Estado, as Comunidades , e Entidades locais as que pertenza ó Concello, así coma os Organismos autónomos do Estado e as Entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades autónomas e de ditas Entidades locais.
- Concello de Monforte de Lemos e as entidades locais integradas ou nas que se integre o mesmo, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós organismos autónomos do Estado.
- As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico docentes.
- As entidades xestoras da Seguridade Social, e de Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/95, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privado ☐ Os titulares de concesión administrativas revertibles, respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- A Cruz Vermella Española.
- As persoas ou entidades a favor das cales se houbera recoñecido a exención en tratados ou convenios internacionais.

ARTIGO -5- BONIFICACIÓNS

De acordo coa posibilidade establecida no artigo 108 punto 4 do R.D. lexislativo 4 / 2004 de 5 de marzo, establécense as seguintes bonificacións :

1. Nas transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio realizados a título gratuito por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes, sempre e cando o ben ou dereito obxecto da transmisión, sexa a vivenda habitual do receptor:

- a) Bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto para aqueles bens inmoables cun valor catastral inferior a 50.582,89 €

b) Bonificación do 25% para aqueles bens inmobles cun valor catastral superior a 50.582,89 €

A estes efectos considerarase vivenda habitual aquela que figure como domicilio do receptor no padrón de habitantes na data de falecemento do causante. Esta bonificación deberá solicitarse dentro do prazo habilitado no artigo 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a presentación do imposto

No caso de que se transmita a propiedade, dentro dos 4 anos seguintes, contados dende a defunción do causante, liquidarase a parte da cota que estivo bonificada

ARTIGO -6- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do deveño e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.
 - A efectos da determinación da base imponible, haberá de terse en conta :
 - a. O valor do terreo no momento do deveño, de acordo co previsto nos apartados 2 e 3 do artigo 107 R. D. legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo que regula o texto refundido da Lei das Facendas Locais, e
 - b. A porcentaxe que corresponda en función do previsto no apartado 4 de dito ARTIGO107 do citado texto legal
 - Esta porcentaxe , citada no punto b) anterior será a que resulte de multiplica-lo número de anos expresado no apartado anterior pola correspondente porcentaxe anual que no Concello de Monforte será a seguinte :
 - a. Para os incrementos de valor xerados nun período comprendido entre un e cinco anos: 2,5.
 - b. Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos: 2,3.
 - c. Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos: 2,2.
 - d. Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos: 2,2.
2. De conformidade co establecido no apartado 3 do art. 107 do R. D: Legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo sempre que se produza unha fixación, revisión ou modificación de valores catastrais a redución da base imponible fíxase nun 40% para os cinco anos da efectividade de dita fixación, revisión ou modificación, coas salvedades seguintes :
 - a) A redución prevista non será de aplicación aos supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectivas sexan inferiores aos vixentes ata o momento anterior a dita revisión
 - b) O valor catastral reducido en ningún caso será inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva
3. O valor do terreo no momento do deveño resultará da aplicación das normas contidas no punto 2 do artigo 107 do R.D. legislativo 2/ 2004 de 5 de marzo e serán as seguintes :
 - a) Nas transmisións de terreos de natureza urbana, considerarase como valor dos mesmos ó tempo do deveño deste imposto, o que teñan fixado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo ó mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase ó valor dos terreos unha vez se teña obtido conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data de deveño. Cando esta data non coincida coa

de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas leis de presupostos xerais do Estado. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben de características especiais, no momento do decheño do imposto non teña fixado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicala liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do decheño.

- b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no número anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado segundo as seguintes regras:
- En caso de constituírse un dereito de usufructo temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.
 - Se o usufructo fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, será o equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esa cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade ata o límite mínimo do 10% do expresado valor catastral.
 - Se o usufructo se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita á condición resolutoria e o seu valor equivalerá ó 100% do valor catastral do terreo usufructuado.
 - Cando se transmita un dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicarase sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión.
 - Cando se transmita o dereito de nuda propiedade, o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado este último segundo as regras anteriores.
 - O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituán tales dereitos, as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios, segundo os casos.
- c) Na constitución de calquera outro dereito real de goce limitativos do dominio distinto dos enumerados nos apartados anteriores deste número e no seguinte, considerarase como valor dos mesmos a efectos deste imposto:
- O capital, prezo, ou valor pactado ó constituílos, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ó interese básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual. ou este último se aquel fose menor.
- d) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo ou do dereito a realiza-la construción baixo solo sen implica-la existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establece-la proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- e) Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do xusto prezo que corresponda ó valor do terreo.
- f) Nas transmisións de pisos ou locais en réxime de propiedade horizontal, o valor do terreo será o específico do solo que cada finca tivese fixado no Imposto sobre Bens Inmóveis e, se non tivese aínda establecido, estimarase en función da cota de copropiedade que teña atribuída a finca enaxenada.

ARTIGO -7- PERIODO DE XENERACIÓN

Ós efectos de determina-lo período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión, igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo e a produción do feito impositivo deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano. En ningún caso o período de xeración poderá ser inferior a un ano.

ARTIGO -8- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria íntegra será o resultado de aplicar á base impositiva o tipo impositivo de 25%
2. A cota tributaria líquida será o resultado de aplicar a cota íntegra as bonificacións establecidas no ARTIGO 5 desta Ordenanza .
3. De conformidade co artigo 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro xeral presupostaria, non se liquidarán as débedas inferiores a 6,00€

ARTIGO -9- DEVEÑO

1. O imposto devéñase:
 - a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
 - b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.
2. Ós efectos do disposto no número anterior, considerarase como data da transmisión :
 - a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu cargo.
 - b) Nas transmisións por causa de morte, a data do falecemento do causante.
3. Teranse en conta, de conformidade co establecido no ARTIGO 109 do R.D. Legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, as seguintes normas :
 - a) Cando se declare ou se recoñeza xudicial ou administrativamente, por resolución firme, que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle tivera producido efectos lucrativos e reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme. Enténdese que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o art. 1.295 do Código civil. Aínda que o acto ou contrato non teña producido efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.
 - b) Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non se producirá a devolución da cota satisfeita e considerarase como acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.
 - c) Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase con arranxo ás prescricións contidas no Código civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto desde logo, a reserva de face-la oportuna devolución en caso de que a condición chegara a cumprirse, seguindo a regra do apartado a).

ARTIGO -10- NORMAS DE XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante o Concello declaración segundo o modelo determinado pola Administración Municipal, que no caso no que se trate dunha transmisión da propiedade dos terreos ou da constitución ou transmisión de calquera outro dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos, documentada mediante escritura pública, consistirá na presentación nas oficinas do Concello a copia simple da mesma.

No devandito documento o declarante fará constar tódolos elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación.

2. Dita declaración deberá ser realizada nos seguintes prazos a contar desde a data na que se produza o deche do imposto:

a) Cando se trate de actos intervivos, o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo. A solicitude deberá expresa-los bens da herdanza do causante que leve a cabo unha transmisión suxeita a este imposto e a identificación dos suxeitos pasivos, expresando o seu nome, domicilio e NIF.

En caso de non ser resolta a solicitude de prórroga no prazo de un mes, a contar desde a súa presentación, entenderase concedida por silencio administrativo

3. Á declaración achegarse o documento no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

ARTIGO -11- OBRIGACIÓN DE COLABORACIÓN

1. Con independencia do disposto no ARTIGO anterior e do establecido no R. D. Legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo e na lei 58 / 2003 de 17 de decembro, xeral tributaria -L.X.T- ., están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) O doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate., sempre que se teñan producido por negocio xurídico entre vivos. Nos supostos contemplados no parágrafo o a) del artigo 106 TRLRHL

b) O adquirente ou a persoa a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate. Nos supostos contemplados no parágrafo b) do artigo 106 TRLRHL Nos supostos contemplados na letra b) do apartado 1 de dito artigo4

2. Asimesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade.

Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos que lles foran presentados para recoñecemento ou lexitimación de firmas. Así como facer constar a referencia catastral dos bens inmoables e advertir expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen , sobre o prazo e dentro do que están obrigados a presentar declaración polo imposto e sobre as responsabilidades en que incorren pola falta de presentación

ARTIGO -12- INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación deste imposto serán realizadas de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e demais disposicións reguladoras da materia.

ARTIGO -13- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas demais disposicións sobre a materia.

En concreto considerarase infracción tributaria simple a falta de presentación de declaración e/ou comunicación por parte dos obrigados a iso. Igualmente a falta de presentación de relacións ou índices comprensivos dos documentos que deben remiti-los notarios e ós que se refire o art.110-7 da R. D. Legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderase automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 278 sen que se produciran reclamacións, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2005.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.


Modificada provisionalmente polo Pleno do 6 de novembro de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm.297 do día 28 de decembro de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 28 de outubro de 2013 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 295 de 26 decembro de 2013.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 11 de outubro de 2016, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 290 de 20 decembro de 2016


Monforte de Lemos, xaneiro de 2017

O Alcalde, José Tomé Roca



ANEXO – MODELO DE DECLARACIÓN

ANVERSO

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS		MODELO DIIVTNU01A		Campo de San Antonio, s/n - 27400 Monforte de Lemos (Lugo) ☎ 982 402 501 📠 982 404 812 🌐 www.monfortedelemos.es	
COMUNICACIÓN / DECLARACIÓN					
IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA					
IMPUESTO SOBRE EL INCREMENTO DE VALOR DE LOS TERRENOS DE NATURALEZA URBANA					
<small>Consulta as instrucións no reverso desta impresión / Consulte las instrucciones en el reverso de este impreso</small>					
DATOS DO TRANSMITENTE/DATOS DEL TRANSMITENTE		Tipo de persoa/Tipo de pessoa:		<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica/Jurídica	
Apellidos e nome ou Razón Social/Apellidos y nombre o Razón Social		DNI/NIF/NIE/Passaporte			
Enderezo/Dirección		Código postal			
Localidade/Localidad		Municipio		Provincia	
DATOS DO ADQUIRIENTE/DATOS DEL ADQUIRIENTE		Tipo de persoa/Tipo de persona:		<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica/Jurídica	
Apellidos e nome ou Razón Social/Apellidos y nombre o Razón Social		DNI/NIF/NIE/Passaporte			
Enderezo/Dirección		Código postal			
Localidade/Localidad		Municipio		Provincia	
DATOS DO REPRESENTANTE (NÓ SEU CASO) / DATOS DEL REPRESENTANTE (EN SU CASO)		DNI/NIF/NIE/Passaporte			
Enderezo/Dirección		Código postal			
Localidade/Localidad		Municipio		Provincia	
DATOS DO SUSESTITUTO (NÓ SEU CASO) / DATOS DEL SUSESTITUTO (EN SU CASO)		DNI/NIF/NIE/Passaporte			
Enderezo/Dirección		Código postal			
Localidade/Localidad		Municipio		Provincia	
DATOS DO OBIXECTO TRIBUTARIO/INMUEBLE / DATOS DEL OBIXECTO TRIBUTARIO/INMUEBLE					
Rúa/Praza/Avenida, etc. / Calle/Callej/Avenida, etc.		Número		Sector/Parcela	
Localidade/Localidad		Municipio		Provincia	
Referencia catastral				% Participación	
Tipo de Inmueble/Tipo de inmueble					
<input type="checkbox"/> Solar <input type="checkbox"/> Vivenda/Prac / Vivienda/Prac <input type="checkbox"/> Edificio <input type="checkbox"/> Oficina/Oficina <input type="checkbox"/> Local <input type="checkbox"/> Terceira/Declarada <input type="checkbox"/> Outros/Outros					
DATOS DO FEITO IMPONIBLE / DATOS DEL HECHO IMPONIBLE					
Realización feito imposible/Realización hecho imposible: <input type="checkbox"/> Transmisión propia/propia <input type="checkbox"/> Constitución ou transmisión de bens/donación, herencia, etc. <input type="checkbox"/> Data de donación/fecha de donación: _____					
Negocios actos ou feitos/Negocios actos o hechos: <input type="checkbox"/> Doctores causa <input type="checkbox"/> Inter vivos <input type="checkbox"/> Data de donación/fecha de donación: _____					
Lugar e notaría, administración ou órgano xudicial competente/Lugar y notaría, administración u órgano judicial competente				Tipo de documento	
				<input type="checkbox"/> Público <input type="checkbox"/> Privado	
				Número de protocolo	
DOCUMENTACIÓN ACHEGADA / DOCUMENTACIÓN ADJUNTADA: Marque os documentos no reverso / Marque los documentos en el reverso					
OBSERVACIÓN / OBSERVACIONES: Indíquese no espazo previsto no reverso / Indíquelas en el espacio previsto en el reverso					
Número de anos no que se paga de mancomunado o incremento do valor		Data de realización anterior feito imposible			
Beneficio fiscal/Beneficio fiscal: <input type="checkbox"/> Exención <input type="checkbox"/> Impedidos		Xustificación beneficio/Justificación beneficio			
De acordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terrens de Natureza Urbana, formulo declaración de realización do feito imposible e solicito a práctica da liquidación que corresponda, aportando os documentos onde consta a realización do mesmo e no seu caso a representación.					
De acuerdo con lo dispuesto en la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana, formulo declaración del hecho imposible y solicito la práctica de la liquidación que corresponda, aportando los documentos donde consta la realización del hecho, y en su caso la representación.					
<input type="checkbox"/> Que se teña por cumprida e obriga (Artigo 110.6.b do RDL 2/2004) de comunicar ao Concello o feito imposible					
<input type="checkbox"/> Que se teña por cumprida a obriga (Artículo 110.6.b del RDL 2/2004) de comunicar al Ayuntamiento el hecho imposible					
Monforte de Lemos, _____ de _____ de _____					
Diligencia do recebo (a cumprir polo Concello)/Diligencia de recibo (a cumplirse por el Ayuntamiento)				Sinatura do presentador / Firma del presentador	
					

REVERSO

Documentación achegada á comunicación-declaración / Documentación que acompaña a la comunicación-declaración	
(1)	<input checked="" type="checkbox"/> Escritura pública polo que se realiza o feito imponible / Escritura pública por la que se realiza el hecho imponible
	<input type="checkbox"/> Documento onde conste a realización do feito imponible / Documento donde conste la realización del hecho imponible
	<input type="checkbox"/> Documento privado polo que se realiza o feito imponible / Documento privado por el que se realiza el hecho imponible
	<input type="checkbox"/> Documento onde conste a representación / Documento donde conste la representación
	<input type="checkbox"/> Outros / Otras
Especificamente para sucesións MORTIS-CAUSA / Especificamente para sucesiones MORTIS-CAUSA	
	<input type="checkbox"/> Certificado de defunción do causante / Certificado de defunción del causante
	<input type="checkbox"/> Escritura pública de adjudicación de herdanza / Escritura pública de adjudicación de herencia
	<input type="checkbox"/> Certificado defunción causante
	<input type="checkbox"/> Copia testamento
	<input type="checkbox"/> Certificado do rexistro de actos de última vontade / Certificado del registro de actos de última voluntad
	<input type="checkbox"/> Modelo 630 Xunta de Galicia
	<input type="checkbox"/> Certificado defunción causante
	<input type="checkbox"/> Certificado do rexistro de actos de última vontade / Certificado del registro de actos de última voluntad
	<input type="checkbox"/> Declaración herdeiros / Declaración de herederos
	<input type="checkbox"/> Modelo 630 Xunta de Galicia
	<input type="checkbox"/> Solicitude de prórroga / Solicitud de prórroga
Texto libre observacións e/ou aclaracións / Texto libre observaciones y/o aclaraciones	
Instrucións / Instrucciones	
<p>SUJEITO PASIVO: Tán en consideración de sucesións pasivas deste imposto, a título de contribuínte:</p> <p>A. Nas transmisións de bens ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria, que adquira o bem ou a cuia favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.</p> <p>B. Nas transmisións de bens ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que transmita o bem ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.</p> <p>Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, tén en consideración de sucesión pasiva substituído do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o bem ou a cuia favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte case unha persoa física non residente en España.</p> <p>PRAZO PARA DECLARAR: Os sucesións pasivas deberán presentar no Concello a declaración tributaria nos seguintes prazos:</p> <p>A) Cando se trate de actos irrevocables, no prazo de trinta días hábiles.</p> <p>B) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de 6 meses prorrogables ata un ano, a solicitude do sucesión pasivo. Para que poida calificar a solicitude de prórroga, deberá presentarse antes que termine o prazo inicial de 6 meses.</p> <p>DOCUMENTACIÓN ACHEGADA Á DECLARACIÓN: Á declaración tributaria deberá achegarse o documento no que consten os feitos, actos ou negocios xurídicos que orixinan a imposición, os relativos a determinación das bases e outras circunstancias, das condicións ou bonificacións que o sucesión pasivo reclama como beneficiario.</p> <p>A administración tributaria practicará a correspondente liquidación tributaria polos feitos impositivos contidos nos documentos presentados aínda que estes non fosen declarados polos obrigados tributarios.</p> <p>(1) DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA</p> <p>SUJETO PASIVO: Deberá a consideración de sucesión pasiva de este imposto, a título de contribuínte:</p> <p>A) En los actos irrevocables o en la constitución o transmisión de derechos reales de goce limitativos del dominio a título lucrativo, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 25.4 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre General Tributaria, que adquiera el bien o a cuyo favor se constituya o transmita el derecho real de que se trate.</p> <p>B) En los actos irrevocables o en la constitución o transmisión de derechos reales de goce limitativos del dominio a título oneroso, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 25.4 de la Ley General Tributaria, que transmita el bien o que constituya o transmita el derecho real de que se trate.</p> <p>En los supuestos a que se refiere la letra b) del apartado anterior, deberá a consideración de sucesión pasiva substituído del contribuyente, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 25.4 de la Ley General Tributaria, que adquiera el bien o a cuyo favor se constituya o transmita el derecho real de que se trate, cando el contribuyente case una persona física no residente en España.</p> <p>PLAZO PARA DECLARAR: Los sucesión pasivas deberán presentar en el Concello la declaración tributaria en los siguientes plazos:</p> <p>A) Cando se trate de actos irrevocables, en el plazo de treinta días hábiles.</p> <p>B) Cando se trate de actos por causa de muerte, el plazo será de 6 meses prorrogables hasta un año, a solicitud del sucesión pasivo. Para que pueda estimarse la solicitud de prórroga, deberá presentarse antes de que termine el plazo inicial de 6 meses.</p> <p>DOCUMENTACIÓN ADJUNTADA A LA DECLARACIÓN: A la declaración tributaria deberá adjuntarse el documento en el que consten los hechos, actos o negocios jurídicos que originan la imposición, los relativos a la determinación de las bases y otras circunstancias, de las condiciones o bonificaciones que el sucesión pasivo reclama como beneficiario.</p> <p>La administración tributaria practicará la correspondiente liquidación tributaria por los hechos impositivos contidos en los documentos presentados aunque estos no fuesen declarados por los obligados tributarios.</p> <p>(2) DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA</p>	

